

Termos de Referencia

SERVIZO DE CONSULTORÍA PARA ASESORÍA PARA A ELABORACIÓN DO PLAN
ESTRATÉXICO DE LA FEDERACIÓN GALEGA DE DANO CEREBRAL

2020-2023

Índice

1.	Antecedentes	2
2.	Visión, misión e valores que defende FEGADACE	2
3.	Obxecto do servizo	3
4.	Alcance do servizo	4
5.	actividades.....	4
6.	Produtos esperados	6
7.	Requisitos	6
8.	Premisas da consultora, propiedade intelectual, autoría e publicación	7
9.	Duración da asesoría.....	8
10.	Presentación de propostas.....	8

1. ANTECEDENTES

FEGADACE, a Federación Galega de Dano Cerebral é unha organización non governamental, sen ánimo de lucro, independente, apartidista e aconfesional especializada na defensa dos dereitos das persoas con dano cerebral adquirido (DCA) en Galicia e as súas familias.

Constitúese en maio de 2007 polas cinco asociacións galegas de Dano Cerebral Adquirido (DCA), concretamente: ADACECO na Coruña, ADACE en Lugo, ALENTO en Vigo, RENACER en Ourense e SARELA en Santiago.

Na actualidade, desenvolve a súa labor nos seguintes ámbitos de actuación: (i) apoio e asistencia ás entidades federadas (as cinco anteriormente citadas) e as familias de persoas con DCA; (ii) Información, sensibilización, divulgación e investigación sobre el DCA; (iii) Intervención y ejecución de programas e proxectos dirixidos ás entidades federadas e ás persoas con DCA e as súas familias; (iv) Representatividade e incidencia política; (v) Desenvolvemento de investigacións, estudos epidemiolóxicos e sociolóxicos para a xeración e difusión de coñecemento científico e social sobre o dano cerebral adquirido.

2. VISIÓN, MISIÓN E VALORES QUE DEFENDE FEGADACE

Misión e valores

En FEGADACE pretendemos contribuír á mellora da calidade de vida das persoas con dano cerebral adquirido e as súas familias en Galicia, así como defender os seus dereitos e ofrecerlles a oportunidade de desenvolvelos, sendo coherentes con os seus propios valores e os das asociacións federadas, que definen a súa forma de traballar: (i) unidade, (ii) participación; (iii) solidariedade; (iv) integralidade; (v) transparencia; (vi) reivindicación e (vii) profesionalidade.

Visión

FEGADACE quere consolidarse como a organización representativa e referente do dano cerebral adquirido en Galicia. Un movemento que une a todas as persoas con esta discapacidade, as súas familias e a todas as asociacións federadas, traballando nun modelo de atención sociosanitaria común, cun goberno corporativo, un equipo técnico e unha base social comprometida que xestiona os recursos de forma profesional e racional, articulando as demandas do colectivo.

Plan estratéxico 2016-2018

O fortalecemento da proxección social de FEGADACE e a consolidación da súa imaxe, así como a mellora da converxencia asociativa e a maximización do alcance da federación, como garantes da súa consolidación como entidade de referencia en dano cerebral adquirido en Galicia e da súa sustentabilidade, supoñen os eixos transversais por excelencia do vixente plan estratéxico de FEGADACE, inicialmente formulado para o período 2016-2018, pero foi prorrogado á espera de formulación de un novo plan.

Neste plan contémplanse as seguintes liñas estratéxicas:

1. Situar o DCA como colectivo de referencia dentro de la discapacidade galega, a todos os niveis
2. Converter el DCA galego nunha importante referencia dentro do movemento do DCA estatal, e dalo a coñecer no ámbito comunitario (ampliar a súa proxección e difundir a problemática)
3. Desenvolver novas propostas de intervención social, conxuntas e coas entidades federadas
4. Aumentar a promoción da investigación sobre o DCA e a divulgación de avances
5. Desenvolver un conxunto de accións para a sensibilización e o voluntariado
6. Promover procedementos de mellora de xestión, compartidos e homoxéneos
7. Fortalecer un proxecto de traballo coordinado con as entidades federadas, persoal técnico, persoal voluntario e gobernos corporativos (desenvolvemento carteira de servizos)
8. Definir/ conformar un departamento de formación propio para 2018
9. Desenvolver accións de forma regular coas familias de persoas con DCA e socias/os
10. Realizar medición do impacto social para optimización de toma de decisións e presentación de propostas de calidade
11. Implantación de sistemas de xestión eficientes e transparentes
12. Desenvolvemento dunha estratexia para aumentar e diversificar a captación de fondos (implantación dun plan de captación de fondos, acordos con outras entidades do sector, inclusión da perspectiva de sustentabilidade no novo plan de comunicación...)
13. Optimización dos recursos federativos

3. OBXECTO DO SERVIZO

FEGADACE conta cunha planificación estratéxica para o período 2016-2018 e prorrogada na actualidade, cuxo cumprimento debe ser avaliado e orientar o proceso de elaboración da planificación 2020-2023. En tal sentido requírese dun/ha consultor/a que brinde asesoría técnica especializada á Dirección Técnica e á Xunta Directiva para o desenvolvemento das actividades conducentes do Plan Estratéxico 2020-2023.

4. ALCANCE DO SERVIZO

Contratar os servizos dun/ha profesional encargado/a de:

1. Deseño e facilitación da metodoloxía de participación de reunións de traballo cos principais grupos de interese a nivel territorial (asociacións federadas, colabores/as, traballadoras/es, administración pública, financiadores, outras entidades sociais, etc.).
2. Sistematización do proceso de planificación. Asesorar á Dirección Técnica e á Xunta Directiva para a formulación do PE e o deseño do procedemento de seguimento.
3. Facilitar e sistematizar os resultados dos obradoiros de planificación e outras actividades participativas que involucre a formulación do PE.

5. ACTIVIDADES

Da consultora a contratar espérase o desenvolvemento, como mínimo, das seguintes actividades:

1. Reunións de traballo para definir a opción metodolóxica, elaborar os instrumentos requiridos e definir o calendario de actividades para a formulación do PE.
2. Elaborar o guión metodolóxico e o plan de traballo para o PE
3. Desenvolver a metodoloxía de recollida de información interna e externa.
4. Procesamento e sistematización da información recollida
5. Facilitación de obradoiros de avaliación do PE anterior a realizarse en data por definir
6. Obradoiro entre Xunta Directiva e Dirección técnica e o/a consultor/a
7. Procesamento e sistematización dos resultados obtidos en ditos obradoiros e accións
8. Asesoría técnica á Dirección e á Xunta Directiva para recollida, sistematización e análise da información
9. Asesoría técnica para a redacción do documento PE
10. Facilitación dun obradoiro de planificación
11. Asesoría técnica para o deseño e posta en marcha do procedemento de seguimento á execución do PE
12. Outras actividades necesarias para a formulación do PE, que requiran asesoría especializada concordante coas competencias do/a consultor/a

13. A formulación do PE para o horizonte 2020-2023 desenvolverase sobre unha metodoloxía participativa que involucre a todos os grupos de interese de FEGADACE nas actividades que corresponda:

- Situación actual – Perspectiva 2023
- Definición de Visión e Misión
- Identificación de las principais incertezas que determinarán o funcionamento e viabilidade do Plan
- Elaboración e representación das proxeccións posibles a considerar na formulación de estratexias de longo prazo
- Execución do proceso do Plan Estratégico
- Determinación dos Obxectivos Estratégicos de Longo Prazo, os seus indicadores, e metas, medios de verificación e responsables

Plan de implantación:

- Estratexia para a dirección, coordinación, comunicación e creación de sinerxías na execución do PE
- Recomendacións para la difusión e internalización do PE
- Recomendacións para implantar el Mapa Estratégico e a Estrutura Organizativa do mesmo
- Ferramentas para a execución e seguimento

Avaliación e control:

- Estratexia para o seguimento e avaliación do desenvolvemento do PE
- Recomendacións para implementar o Cadro de Control Integral do PE.

No transcurso da consultoría deberanse incluír obradoiros, nos cales participarán: xunta directiva, equipo técnico da federación, xuntas directivas das asociacións federadas e respectivas direccións, e persoal que sexa designado nos equipos de traballo.

As datas, número e duración dos obradoiros serán definidas entre o/a Consultor/a e a Dirección Técnica.

6. PRODUTOS ESPERADOS

Os produtos esperados e prazos estipulados do servizo son:

	Produtos esperados	Prazo	Pago
1	Guión metodolóxico e plan de traballo para a elaboración do PE	Aos 15 días de asinado o contrato e contra a conformidade do mesmo	20%
2	Avaliación do cumprimento del PE 2016-2018	Aos 105 días de asinado o contrato e contra a conformidade do mesmo	50%
2	Aliñamento metodolóxico, asesoría, facilitación e sistematización de resultados de obradoiros e outras actividades participativas previstas no plan de traballo	Aos 105 días de asinado o contrato e contra a conformidade do mesmo	
3	Aliñamento metodolóxico, asesoría, facilitación e sistematización de resultados dos obradoiros e outras actividades participativas para definir procedementos para o seguimento da execución do PE	Aos 150 días de asinado o contrato e contra a conformidade do mesmo	30%

7. REQUISITOS

Profesional de nivel universitario con formación académica e experiencia demostrada nas seguintes áreas:

1. Estudos de especialización e experiencia mínima de 5 anos contrastada na elaboración de Planificación Estratéxica e sustentabilidade financeira institucional en organizacións sen ánimo de lucro, especialmente nos ámbitos social e de discapacidade.
2. Experiencia en transferencia de coñecementos no uso de ferramentas de capacitación e elaboración de PE, POAs e planificación orzamentarias.
3. Formación e experiencia en técnicas de facilitación de obradoiros e outras actividades participativas, conducentes a construír coñecemento consensuado.
4. Participación demostrada na elaboración de, polo menos 5 Planes Estratéxicos, como asesor/a técnico/a ou responsable da redacción do documento final.
5. Participación como facilitador/a en, polo menos 5 obradoiros participativos, grupos focais ou outras accións participativas para a formulación de plans Estratéxicos.
6. Entrega dos produtos xerados en linguas galega e española.

8. PREMISAS DA CONSULTORA, PROPIEDAD INTELECTUAL, AUTORÍA E PUBLICACIÓN

A propiedade intelectual dos produtos desta consultora, sen prexuízo do recoñecemento de autoría, corresponderá a FEGADACE. Por tanto, a difusión dos resultados e produtos xerados deberán rexerse e respectar as políticas e directrices establecidas por FEGADACE, conforme:

- **Anonimato e confidencialidade.** – O traballo respectará o dereito das persoas a proporcionar a información asegurando o seu anonimato e confidencialidade. O equipo/ persoa consultora garantirá durante todo o proceso de elaboración de traballo, o cumprimento das correspondentes cláusulas e exixencias do RGPD vixente.
- **Responsabilidade.** – Calquera desacordo ou diferenza de opinión que puidera xurdir entre os membros do equipo ou entre estes e os responsables de FEGADACE, en relación coas conclusións e recomendacións, debe ser mencionada no informe final de consultora. Calquera afirmación debe ser sostida polo equipo ou deixar constancia do desacordo sobre ela.
- **Integridade.** – A/as persoa/as consultora/as terán a responsabilidade de poñer de manifesto cuestións non mencionadas especificamente neste documento, se fora necesario para obter unha análise máis completa do traballo a realizar.
- **Incidencias.**- No suposto de aparición de problemas durante a realización do traballo deberán ser comunicados inmediatamente a FEGADACE. De non ser así, a existencia de ditos problemas, en ningún caso poderá ser utilizada para xustificar a non obtención dos resultados establecidos no presente documento.
- **Verificación da información.** - Corresponde ao equipo consultor garantir a veracidade da información recompilada para o acompañamento na elaboración do PE.
- **Produtos esperados** – A difusión da información recompilada, ferramentas xeradas e de calquera produto elaborado no ámbito desta consultora é prerrogativa de FEGADACE.
- **Entrega dos produtos** - En caso de retraso na entrega do informe final ou no suposto en que a calidade dos resultados obtidos e informe entregado sexa manifestamente inferior a lo pactado con FEGADACE, serán aplicables as penalizacións previstas no contrato que se celebrará entre a empresa/experto/a e a federación.

9. DURACIÓN DA ASESORÍA

A duración da presente consultora será de 150 días, contados dende o día seguinte á data de sinatura do contrato, establecida idealmente, para o 12 de agosto de 2019.

10. PRESENTACIÓN DE PROPOSTAS

As propostas (técnica e económica), acompañadas do CV e acreditacións das interesadas/os en participar no proceso de selección, deberán entregarse ata **29 de xullo de 2019 ás 12:00**.

Estas deberán remitirse á atención da Dirección Técnica de FEGADACE: Begoña Hermida Val, preferentemente a través do enderezo electrónico fegadace@fegadace.org, ou ao enderezo postal: FEGADACE, Rúa Galeras, N.º 17, 2º piso, oficina 5, CP 15705, Santiago de Compostela.